



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

D. ALBERTO VARELA PAZ

ALCALDE-PRESIDENTE

BASES ESPECÍFICAS PARA A SELECCIÓN DO PERSOAL: ESPECIALIDADE DE SOCORRISTA ACUÁTICO.

1º.- OBXETO DA CONVOCATORIA.

Selección de 12 traballadores/as desempregados/as inscritos/as no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados/as e estar dispoñibles para o emprego, e serán na modalidade de **contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego** para a realización de labores de Socorrista Acuático nas praias do Concello de Vilagarcía de Arousa **SALVAMENTO E SOCORRISMO 2026** a tempo completo de 37,5 horas de media semanais e duración de 3 meses segundo o disposto na *ORDE do 13 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións a entidades locais de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, para a prestación do servizo de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas descubertas, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento PR460D))*.

2º.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES.

Aplicarase o establecido na *ORDE do 13 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións a entidades locais de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, para a prestación do servizo de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas descubertas, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento PR460D))*.

Os/as candidatos/as **preseleccionados/as enviados/as polo Servizo Público de Emprego**, así como aquelas persoas que de modo expontaneo e da publicidade da convocatoria desexen participar no proceso selectivo deberán reunir os seguintes requisitos ou condicións:

- a) Ter a nacionalidade española; no caso de nacionais doutros Estados, reunir os requisitos establecidos no artigo 57 Decreto Lexislativo 5/2015 do texto refundido da Lei 7/2007 de 12 de abril.
- b) Ser maior de 16 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Posuir a capacidade funcional para o desempeño das tarefas requiridas.





- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo a calquera Administración Pública, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- e) Non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade previstas na lexislación vixente.
- f) Deberán estar inscritos no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados/as e estar dispoñibles para o emprego. Este requisito deberá cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo vinculado a programas de política activas de emprego.
- g) Titulación necesaria para o posto de traballo a desenvolver: Estar en posesión dos requisitos que establece a o artigo 4 do Decreto 104/2012 de 16 de marzo polo que se fixa a formación mínima de socorristas acuáticos en espazos naturais e se crea o rexistro de profesionais de Socorristas Acuáticos de Galicia, modificado polo Decreto 35/2017 do 30 de marzo.

Todos os requisitos anteriormente citados deberán posuírse na data de celebración das probas de selección.

3º.- DESENVOLVEMENTO DA PROBA SELECTIVA.

Realizarase polo sistema de concurso-oposición entre os candidatos/as que teñan previamente acreditado o cumprimento dos requisitos para seren admitidos ás probas.

As probas realizaranse o vindeiro día **22 de xuño de 2026** as **9:00** horas na **Sala de Conferencias do Auditorio do Concello de Vilagarcía de Arousa**, sito na **Praza da II República, s/n** e posteriormente na zona da praia da Compostela.

1.- Fase de concurso:

Valorarase ata un máximo de 2 puntos, e se baremará segundo o seguinte desglose:

- Estar en posesión do título de Patrón de Embarcacións de Recreo: 0,75 puntos.
- Estar en posesión do título de Navegación Básica: 0,50 puntos.
(De estas dúas titulacións unicamente se terá en conta a máis alta.)
- Formación especializada en DESA (desfibrilador semiautomático): 0,50 puntos
- Técnico de transporte sanitario: 0,50 puntos.
- Técnico en emerxencias sanitarias: 1 punto.
- Formación en informática 0,05 puntos por hora de formación ata un máximo de 0,25 puntos.





2.- Fase de oposición:

2.1 Consistirá en superar un examen tipo test que constará de 20 preguntas con tres posibles respostas cada unha, sendo válida unha delas. Valorarase ata 10 puntos sendo necesario acadar un mínimo de 5 puntos para superar esta fase.

O examen versará sobre os seguintes temas:

1. Salvamento e rescate acuático.
2. Pautas xerais de actuación ante un accidente, valoración do accidentado, reanimación cardio-pulmonar, hemorragias, feridas, traumatismos, e politraumatismos, shock, cadros convulsivos.
3. Trastornos de calor, lesións e trastornos polo frío, intoxicacións por vía dixestiva, picaduras e mordeduras, intoxicacións por drogas, transporte de accidentados e asfixias.
4. Normativa sobre Bandeira Azul.
5. Ordenanza Municipal de praias.

2.2.- Probas físicas:

Consistirá en: correr 100 metros pola area, entrar na auga e nadar 100 metros ata un bañista que simula afogarse, realizar zafaduras e control do accidentado e remolcar con seguridade ao accidentado os 100 metros ata a orilla e tras deixaalo con seguridade, se procederá a realizar manobra de RCP a un maniquí.

No exercicio se valorará toda a secuencia do rescate (entrada na auga, nado de aproximación; contacto co accidentado, zafadura, nado adaptado de remolque, extracción e RCP) o tempo da proba ata que se deixa ao accidentado na orilla con seguridade. Na RCP, se valorara a efectividade das compresións (profundidade das mesmas e un ritmo que deberá ser o máis próximo a 100 comp/min.) e a cantidade de aire insuflado ao maniquí, así como a correcta secuencia da manobra, a puntuación obtida polo tempo en realizar a proba de rescate poderá verse incrementada o diminuída pola valoración da RCP.

Tiempo	Ptos.
1º mejor tiempo	10
+0,18"	9
+0,36"	8
+0,54"	7
+1,12"	6
+1,30"	5
+1,48"	4
+2,06"	NON APTO





2.3 Coñecemento da lingua galega, de carácter obrigatorio e non eliminatorio:

O exercicio obrigatorio e non eliminatorio sobre o coñecemento do idioma galego cualificarase de cero (0) a dous (2) puntos, quedando exentos de o realizaren os aspirantes que acrediten posuír o Celga 4 (ou curso de perfeccionamento en lingua galega), ós que se lles outorgará a cualificación máxima de dous (2) puntos.

Tamén quedaran exentos aqueles aspirantes que acrediten posuír un título Celga inferior segundo a seguinte valoración:

Celga 3: 1,5 puntos

Celga 2: 1 punto

Celga 1: 0,5 puntos

A proba consistirá na tradución, sen dicionario, de dous textos propostos previamente polo tribunal, un de castelán ao galego e outro de galego ao castelán, nun tempo máximo de media hora. Aqueles aspirantes que aínda acreditando posuír un Celga 3, 2, ou 1 desexen realizar a proba de tradución poderán facelo si ben en caso de obter unha puntuación inferior á que corresponde polo título aportado manterase a asignada ao título Celga aportado.

3.- Desempate:

No caso de producirse un empate entre varios candidatos na puntuación final de todas as probas, este resolverase mediante unha proba que consistirá na realización dunha entrevista persoal e individual dos aspirantes co Tribunal, que versará sobre a experiencia e historia profesional do aspirante e coñecementos das funcións do posto de traballo a desenvolver, capacidade relacional, traballo en equipo e de comunicación.

Os aspirantes deberán asistir na data e hora sinaladas, provistos do D.N.I. ou documento identificativo, currículum vitae xustificado e carta de convocatoria remitida polo Servizo Público de Emprego.





4º. COMISIÓN SELECCIONADORA – TRIBUNAL.

O Tribunal Cualificador desta proba selectiva, estará integrado polos seguintes membros, empregados públicos do Concello de Vilagarcía:

Presidente: D. Francisco Guillán Busto

Presidente suplente: D. Manuel Plaza Rodríguez

Secretaria: Dña. Sonia M^a Santos Castiñeira

Secretario/a suplente: D. Manuel Franco Leis

Vogais: D. Manuel Plaza Rodríguez

D. Jacobo Campos Alonso

Dña. María de los Ángeles de la Barrera Martorell

Vogais suplente: D. Ángel Oubiña Álvarez

Os membros do Tribunal deberán absterse cando concorran as circunstancias previstas no Artigo 28 da Lei 40/2015 de 1 de outubro.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, como mínimo do Presidente, Secretario e un tercio dos vocais.

5º. CUALIFICACIÓN DA PROBA SELECTIVA.

O Tribunal formulará a correspondente proposta de contratación a favor dos 12 candidatos/as que obtivesen maior puntuación no conxunto da proba selectiva. Asemade se formulará lista ordeada do resto de candidatos/as que poidan ser eventualmente chamados en caso de renuncias ou outras eventualidades dos/as seleccionados. A estes efectos o Tribunal poderá establecer unha nota de corte para ser incluído/a en dita lista de reserva atendendo as valoracións do conxunto das probas.

O/a secretario/a levantará acta comprensiva dos elementos ou criterios obxectivos de valoración adoptados para a cualificación, así como do resultado das probas.

6º. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS E CONTRATACIÓN.

Os/as aspirantes seleccionados/as e propostos/as polo Tribunal deberán presentar a documentación acreditativa do cumprimento das condicións e requisitos esixidos.

No caso de renuncia ou que no prazo indicado, e salvo circunstancias de forza maior, o/a aspirante non presentara a documentación esixida, ou se comprobara que non reúne os requisitos esixidos, non poderá ser contratado/a e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades a que houbera lugar.





Neste caso a Alcaldía poderá acorda-la contratación do/a aspirante seguinte na lista, que obtivera a seguinte mellor puntuación total, que deberá presentar, en tal caso, a documentación antes sinalada.

O/a aspirante proposto/a e contratado/a comezará a prestar servizos na data que se lle indique pola Alcaldía.

7º. RECOÑECIMIENTO MÉDICO

Os/as aspirantes que superasen a fase de oposición do proceso de selección deberán superar un recoñecemento médico específico.

Aqueles aspirantes que non superen o recoñecemento médico, perderán a relación de servizo, e será ofertado o posto ao seguinte candidato/a en puntuación.

8º. INCIDENCIAS, IMPUGNACIÓN E SUPLETORIEDADE

A Comisión Seleccionadora queda facultada para resolver cantas dúbidas e incidencias poidan xurdir no desenvolvemento desta proba selectiva, en todo o non previsto nas bases, así como a interpretación das mesmas.

A presente convocatoria, as bases, e tódolos actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación da Comisión Seleccionadora, poderán ser impugnados polos interesados/as nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común e normas vixentes concordantes. A presentación de reclamacións non suspenderá a continuación do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

En todo o non previsto nestas bases de selección será de aplicación o disposto no Real Decreto Lexislativo 5/2015 do texto refundido da Lei 7/2007 do Estatuto Básico do Empregado Público, a Lei 2/2015 de Emprego Público de Galicia e demais normativa concordante.

9.- DATOS PERSOAIS

En cumprimento do disposto no “REGLAMENTO (UE) 2016/679 DEL PARLAMENTO EUROPEO Y DEL CONSEJO de 27 de abril de 2016 relativo a la protección de las personas físicas en lo que respecta al tratamiento de datos personales y a la libre circulación de estos datos y por el que se deroga la Directiva 95/46/CE (RXPd)”. E a Lei Orgánica 3/2018 de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, se informa as persoas interesadas en participar no proceso selectivo que os datos de carácter persoal por elas facilitados serán incorporados a un rexistro de actividade coa finalidade da selección de persoal, e se lles recoñece a posibilidade de exercer os dereitos de acceso, rectificación,





cancelación e oposición, enviando comunicación escrita ao Concello de Vilagarcía de Arousa, Praza Ravella nº1, a través da sede.vilagarcia.gal ou no email dpd@vilagarcia.gal

Os/as interesados/as autorizan ao Concello de Vilagarcía de Arousa a proceder ao tratamento dos seus datos nos termos anteriormente descritos así como á publicación dos mesmos nos taboleiros de anuncios, na páxina web do Concello e na sede electrónica: sede.vilagarcia.gal.

A presentación da documentación necesaria para participar no proceso de selección supón o consentimento expreso para tratar a información nos termos indicados.

Vilagarcía de Arousa, *na data da sinatura electrónica*.

O Alcalde-Presidente

A Secretaria Xeral

D. Alberto Varela Paz

Dña. María Rosa Losada Suárez

Sinatura dixitalizada

Sinatura dixitalizada

